

A CIG presenta unha batería de propostas para mellorar os permisos do persoal da Xunta

Entre as propostas da central están a ampliación dos permisos de parto e da outra persoa proxenitora, así como a posibilidade, para esta última, de flexibilizar o seu gozo e de poder amplialo en caso de hospitalización do neonato; o cómputo de todos os permisos en días hábiles e o seu inicio en día non feriado; o recoñecemento dos cuidados domiciliarios de familiares a cargo como deber inexcusábel; a ampliación dos permisos para asuntos persoais e da idade dos/as fillos/as como requisito para acollerse a distinto tipo de medidas de conciliación laboral e familiar.

A Lei 2/2015 recolle no seu articulado todos os permisos, licenzas ou reducións de xornadas que poden ter as traballadoras e traballadores ao servizo da administración galega. A norma afecta, por tanto, a todo o profesorado, ao que se lle adapta esta lei, coas peculiaridades propias do colectivo, a través da Orde de permisos e licenzas do persoal docente.

A Xunta presentou na reunión do pasado 17 de outubro a iniciativa de aumentar a 22 semanas o permiso por maternidade. A CIG considera un paso adiante a oferta da administración galega máis propón ir máis alá, tanto na duración deste permiso como na mellora dos permisos existentes. Así, presentamos como alegacións ao texto da Xunta unha batería de medidas conducentes a reforzar e facer máis favorábeis para o profesorado e para todo o persoal ao servizo da Xunta os permisos relacionados coa conciliación familiar.

AMPLIACIÓN DOS PERMISOS POR NACEMENTO, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO E DA OUTRA PERSOA PROXENITORA

Aínda que valoramos as diferentes ampliacións do chamado "permiso de parto" (2 semanas máis neste ano e outras 2 no 2019 até acadar as 22 semanas coa proposta da Xunta) a CIG demanda un incremento maior e progresivo dos permisos de parto e da outra persoa proxenitora até acadar un permiso en ambos casos de 12 meses con carácter intransferíbel. Somos conscientes de que é preciso unha temporalización para acadar o noso obxectivo mais cremos que pode darse máis axiña. O permiso para a outra persoa proxenitora tamén debe dar un salto importante


para se equiparar co permiso de maternidade.

CÓMPUTO DOS PERMISOS EN DÍAS HÁBILES

A CIG propón que todos os permisos se computen en días hábiles e non en días naturais, como actualmente se fai para o permiso por falecemento, accidente ou enfermidade graves. Así, sábados e domingos non computarían e a maior parte dos permisos terían unha maior duración.

NICIO DO PERMISOS EN DÍAS NON FERIADOS

Unha recente sentenza do Tribunal Supremo



ditaminou que non se pode computar o primeiro día dun permiso se este é feriado. A CIG demanda que se aplique esa sentenza evitando deste xeito que se poida computar como día inicial dun permiso un día no que a traballadora ou traballador non ten actividade laboral. Esta proposta só tería sentido se a Xunta non acepta a nosa medida de que os permisos sexan computados en días hábiles. De se levar adiante afectaría aos seguintes permisos:

- lactación
- matrimonio ou unión de parellas de feito,
- accidente ou enfermidades moi graves,
- parto, adopción ou acollemento,
- permiso para a outra persoa proxenitora por nacemento, adopción ou acollemento.

FLEXIBILIZACIÓN DO PERMISO PARA A OUTRA PERSOA PROXENITORA

Solicitamos que o permiso para a outra persoa proxenitora poida desfrutarse parcialmente ou na súa integridade dentro do primeiro ano de vida da filla ou fillo e non necesariamente a continuación do nacemento. Así, propomos que se poida optar por collelo todo xunto dentro do primeiro ano de vida da crianza ou que poida collerse en dúas partes, unha xusto a continuación do nacemento e outra cando o solicite o outro proxenitor, sempre con ese tope do ano de vida.

AMPLIACIÓN DO PERMISO PARA A OUTRA PERSOA PROXENITORA EN CASO DE HOSPITALIZACIÓN DO NEONATO

No permiso de parto a nai pode ver ampliado este permiso en casos de hospitalización do neonato en tantos días como este se encuentre hospitalizado. Isto non acontece no caso do permiso para o outro proxenitor. A CIG demanda que se dea o mesmo trato e que ambas persoas teñan dereito a esta ampliación.

RECOÑECEMENTO DOS COIDADOS DOMICILIARIOS DE FAMILIARES A CARGO COMO DEBER INESCUSÁBEL

A CIG solicita que se inclúa unha mención expresa ao carácter inescusábel que ten o exercicio de actividades vinculadas ao ámbito familiar como son os coidados domiciliarios de crianzas como obriga legal para nais e pais, así como de persoas maiores dependentes a cargo da traballadora ou traballador. Deste xeito, a atención a un fillo ou filla no noso domicilio por causa médicas xustificadas e sempre que tivese que recaer sobre nós en exclusiva como obriga legal suporía un deber inescusábel e un permiso xustificado.

AMPLIACIÓN DOS PERMISOS POR ASUNTOS PERSOAIS

A CIG demanda que os permisos por asuntos particulares non estean supeditados á lexislación básica do Estado, recuperando o mínimo de 9 días mínimos para todo o persoal, cos incrementos actuais en caso de maior antigüidade. Esa ampliación dos comunmente chamados “moscosos” no ámbito xeral da administración debe vir acompañada dun aumento deste permiso para o persoal docente, que actualmente só ten 4 días (2 lectivos e 2 non lectivos, xunto coas 24 horas de imprevistos).

AMPLIACIÓN DE 12 A 14 ANOS DA IDADE DOS FILLOS OU FILLAS COMO REQUISITO PARA O GOCE DE PERMISOS, REDUCIÓNS DE XORNADA OU PARA A CONCILIACIÓN

A CIG solicita que se amplíe até os 14 anos a idade dos fillos e fillas en todos aqueles casos nos que actualmente se requiren até 12 anos e que no caso do persoal docente afecta especialmente no caso da redución de xornada.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal